

SEXTA.—Selección do bolseiro.

A selección do bolseiro efectuarase mediante a valoración dos méritos acreditados polos interesados segundo o seguinte baremo:

- a) Expediente académico, ata un máximo de tres puntos.
- b) Outros méritos, ata un máximo de dos puntos.
 - b.1.—Por ter realizado cursos de especialización relacionados coas materias obxecto da bolsa, ata un máximo de dous puntos.
- c) Coñecemento de idiomas, ata un máximo de dous puntos.
 - c.1.—Por cada curso de idiomas impartido en centros ou colexios oficiais, de 60 horas de duración como mínimo, 0,20 puntos, ata un máximo de 2 puntos.
- d) Serán os tres aspirantes con maior puntuación os que pasen á entrevista.

A Comisión poderá convocar ós solicitantes para aclaracións que teñan relación co seu currículum. A decisión da Comisión deberá producirse antes de que transcorra un mes, contados a partir da publicación da convocatoria. Transcorrido este prazo, entenderanse desestimadas as peticións presentadas.

SÉTIMA.—Resolución:

O presidente de Turismo Rías Baixas, á vista da proposta da comisión seleccionadora, adxudicará as bolsas ós aspirantes que obteñan maior puntuación no proceso de selección. Este acordo publicárase no taboleiro de edictos do pazo provincial.

OITAVA.—Obrigas de Turismo Rías Baixas:

- a) Pagamento mensual da bolsa pola cantidade bruta de 850,00 euros.
- b) Suscripción dunha póliza de seguro de accidentes.
- c) Facilitación dos medios necesarios para que o bolseiro desempeñe as súas funcións.

NOVENA.—Condicións xerais

Establécense as seguintes condicións xerais:

- a) A bolsa terá unha duración de doce meses, a contar dende a data na que o adxudicatario comece na sede de Turismo Rías Baixas.
- b) A bolsa será incompatible co desempeño de calquera outra actividade remunerada, calquera que sexa a natureza desta última.
- c) O beneficiario da bolsa comprometerase a observar o horario de traballo e a disciplina de Turismo Rías Baixas co fin de promover o labor do persoal do centro e sen que iso implique relación de traballo laboral remunerado.

- d) Aceptar e beneficiarse desta bolsa non establece relación laboral nin funcional con Turismo Rías Baixas, non implicando en consecuencia ningún compromiso para unha posterior incorporación ou vinculación de dito bolseiro ó expresado organismo.
- e) Aceptar por escrito as normas e obrigas establecidas nas bases reguladoras e na convocatoria da bolsa.
- f) Xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos.
- g) Desenvolver a actividade obxecto da colaboración cuns niveis de rendemento satisfactorios, presentando os traballos e informes que determine a dirección.
- h) Presentar ante Turismo Rías Baixas, no prazo dun mes a partir da finalización dos traballos de colaboración, un informe final explicativo do labor realizado.
- i) Ademais das obrigas mencionadas nos apartados anteriores, estarán suxeitos ós deberes que, con carácter xeral, se establecen no artigo 14 da Lei xeral de subvencións. Así mesmo, estarán os bolseiros obrigados a facilitar tanta información lles sexa requirida pola administración.

DÉCIMA.—Interpretación das bases

As dúbidas que puideran xurdir durante a fase do concurso e da vixencia da bolsa serán resoltas polo Consello Reitor, previos informes do secretario e do interventor.

DÉCIMO PRIMEIRA.—Réxime xurídico

A convocatoria da bolsa, a selección do bolseiro e a realización dos traballos que dan dereito á bolsa suxeitaranse ó previsto nas presentes bases e ademais ó previsto na Lei xeral de subvencións e á Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Pontevedra, 23 de agosto de 2006.—O Presidente,
2006008185

AYUNTAMIENTOS**CANGAS****A N U N C I O**

O Concello en Pleno en sesión de data 30 de xuño de 2006, aprobou inicialmente o Regulamento do servizo municipal do aparcamento soterrado da unidade de actuación nº 28 das normas subsidiarias de Cangas. Asimesmo, na disposición adicional do citado Regulamento modifícase o artigo 24 e 25 do

Regulamento do Servizo de aparcamento da unidade 10. Dito regulamento foi sometido a información pública por 30 días hábiles, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de data 14 de xullo de 2006, e mediante anuncio que foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello durante 30 días hábiles. Asimesmo notificouse o acordo de aprobación inicial a Vialmar Galicia S.L e a Invesmorrazo S.L.

No período de exposición pública non foron presentadas alegacións, co cal enténdese definitivamente aprobado o citado Regulamento. Contra a aprobación do presente regulamento, que pon fin a vía administrativa, poderá presentarse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no BOP, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquer outro que estimen convinte.

O texto integro do Regulamento aprobado definitivamente transcribese como segue:

**REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DO
APARCAMENTO SOTERRADO DA UNIDADE
DE ACTUACIÓN Nº 28 DAS NORMAS
SUBSIDIARIAS DE CANGAS**

T I T U L O I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º. Obxecto.

1. O obxecto da presente regulamento municipal é a regulación do servizo público do aparcamento soterrado situado na unidade de actuación número 28 das normas subsidiarias de planeamento de Cangas.

2. O Concello adxudicará mediante concesión de obra pública e subseguinte explotación o aparcamento desta unidade de actuación, xestionándose o aparcamento polo concesionario.

Artigo 2º. Alteracións na forma de xestión.

O disposto no artigo anterior non impedirá que por parte do Concello e ó abeiro do establecido na lexislación vixente, se poida acordalo rescate da concesión e a substitución do xeito de xestión por outro, xa sexa directo ou indirecto. En tales casos, e ata tanto se adapte a regulamentación do servizo á nova forma de xestión elixida, subsistirá a regulación contida no presente regulamento, na medida en que o réxime da fórmula de xestión utilizada o permita, asumindo a persoa pública ou privada que pase a desenvolver a xestión do servizo a posición xurídica prevista neste regulamento para o concesionario, tanto nas boas relacións cos usuarios coma coa administración municipal titular do servizo, no seu caso.

A mesma solución será aplicable nos supostos en que, conforme á normativa vixente, se proceda á extinción ou resolución do contrato de xestión ou ó secuestro ou intervención temporal da concesión.

Artigo 3º. Administración titular do servizo.

1. A administración titular do servizo, calquera que sexa a súa forma de xestión, será o Concello de Cangas, que ostentará tódalas prerrogativas, dereitos e obrigas que se prevén na lexislación vixente así como, no seu caso, no prego de cláusulas administrativas que rexa a concesión. En particular, o Concello de Cangas resérvase os poderes de policía necesarios para garantir a boa marcha do servizo.

2. O Concello de Cangas é así mesmo, o único titular do aparcamento soterrado construído no subsolo da Unidade número 28 de Cangas, o cal constitúe o soporte material necesario para a prestación do servizo, coa condición de ben inmovible de dominio e servizo público local, inembargable, imprescriptible e inalienable.

Artigo 4º. Concesionario do servizo.

1. Ten a condición de concesionario do servizo a persoa física ou xurídica adxudicataria do concurso convocado polo Concello de Cangas para a concesión de obra pública e subseguinte explotación do aparcamento ou que legalmente se subrogue na súa posición, ostentando os dereitos e obrigas que lle atribúe a lexislación vixente, o presente regulamento e o prego de cláusulas administrativas que rexa a concesión.

2. A condición de concesionario do servizo implicará a de concesionario demanial do aparcamento soterrado, en virtude da cal o concesionario estará obrigado ó pagamento do canon correspondente á administración, na forma establecida no prego de cláusulas, sen perxuízo de que teña que pagar os gastos fixados no prego, na lexislación e demais normativa aplicable.

3. Para tódolos efectos, a concesión demanial considerarase integrada na concesión de servizo da que trae causa.

Artigo 5º. Usuario do servizo.

1. Ten a condición de usuario do servizo toda a persoa natural ou xurídica que acceda ó seu gozo en calquera das modalidades previstas na presente regulamento

2. O Concello de Cangas ostentará a condición de usuario respecto das prazas que se reserve para o seu uso de acordo co prego de cláusulas administrativas, para os efectos só da observancia das normas de uso sen que teña que afrontar os gastos de conservación e mantemento correspondentes a ditas prazas ou pagar cantidade algunha polo uso, ou calquer outro concepto. Idéntica regra se aplicará respecto das prazas das que o seu uso o concello

poida adquirir en réxime de cesión temporal conforme ó establecido no presente regulamento. Nembargantes o anterior, mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno o concello poderá destinalas prazas das que sexa usuario a outros usos distintos ó de estacionamento de vehículos, podendo autorizala realización de obras de adaptación a tales usos das prazas, sempre que con iso non se prexudique a boa marcha do servizo nin os dereitos do resto de usuarios.

TÍTULO II

DOS MODOS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 6º. Disposición Xeral

1. Establécense dúas modalidades de prestación do servizo: mediante cesión temporal e rotación horaria.

2. O número de prazas destinadas a explotación en réxime de rotación horaria deberá ser, en todo momento, e como mínimo, equivalente ó 60% das prazas existentes no aparcamento. As prazas restantes poderan explotarse en réxime de cesión temporal.

Non obstante, o concello poderá modificar estes porcentaxes mediante acordo plenario, debendo publicarse dita modificación no boletín oficial da provincia e notificarse o concesionario, sempre motivado por razóns de interese público.

CAPÍTULO I

Da cesión temporal

SECCIÓN 1ª

Modalidades de uso e usuarios.

Artigo 7º. Réxime básico.

Nesta modalidade, os usuarios adquiren un dereito de utilización das prazas por un certo tempo solicitandoo á concesionaria mediante o pagamento das tarifas correspondentes.

Artigo 8. Fórmulas de cesión temporal.

A cesión temporal outorgarase pola concesionaria libremente a calquera terceiro que así o solicite sempre que respecte o principio de igualdade, universalidade e non discriminación, a excepción da cesión temporal por todo o período da concesión que seguirá o procedemento específico que se establece neste regulamento, segundo as seguintes fórmulas:

- a) Cesión temporal por todo o período de cesión. Nesta modalidade cederase o uso das prazas de aparcamento por todo o tempo da concesión.
- c) Abono mensual ata un máximo dun ano. Nesta modalidade cederase o uso das prazas de aparcamento por meses.

- d) Abono diario ata un máximo dun mes. A cesión será por días.
- e) Abono mensual nocturno. Neste modalidade cedese o uso das prazas de aparcamento por meses na franxa horaria que comprende entre as 21.00 horas e 9.00 horas do día seguinte ata un máximo dun ano.
- f) Abono mensual diurno. Neste modalidade cedese o uso das prazas de aparcamento por meses na franxa horaria que comprende entre as 9.00 horas e 21.00 horas ata un máximo dun ano.

Nas cesións temporais os prazos de vixencia entenderanse comezados as cero horas do día fixado como inicial e concluírán as vinte e catro horas do día final.

As semás serán de sete días completos. Os meses computaránse de data a data cando non coincidan con meses naturais.

Artigo 9. Requisitos dos usuarios

1. Poderá acceder á condición de usuario en réxime de cesión temporal calquera persoa natural ou xurídica, de acordo co disposto neste regulamento, sen que poida producirse ningún tipo de discriminación na cesión do uso das prazas.

2. No caso de persoas físicas, presumírase a súa capacidade de obrar cando sexan maiores de idade, debendo acreditar tal capacidade ou actuar por medio de representante legal noutro caso.

3. No caso de persoas xurídicas, acreditarán a súa constitución e capacidade xurídica e de obrar, así como a representación do solicitante, na forma que proceda en dereito.

SECCIÓN 2ª

Normas específicas para a cesión temporal por todo o período da concesión.

Artigo 10. Procedementos e criterios de adxudicación na cesión temporal por todo o período da concesión.

O dereito de cesión de uso temporal por todo o período da concesión adquirírese polo seguinte procedemento:

- a) O iniciarse a prestación do servizo, o concesionario deberá de anunciar mediante a súa publicación no taboleiro de edictos do concello convocatoria pública para a adxudicación de prazas do aparcamento. Dita convocatoria deberá de indicar como contido mínimo o número de prazas que se ofertan para a súa adxudicación neste réxime, lugar de presentación de solicitudes e requisitos que conterán ditas solicitudes e prezo de adquisición do dereito de uso por todo o período da concesión.

O concesionario poderá utilizar calquera outros medios de publicidade complementaria da convocatoria.

- b) As solicitudes presentaránse no Rexistro Xeral do Concello, mediante o modelo normalizado que se facilitará nas propias oficinas municipais ou por parte do propio concesionario. Dito modelo debe ser aprobado previamente pola Xunta de Goberno Local. Unha vez recibidas as solicitudes, selaranse pola oficina do rexistro, anotando a data de presentación e o número de rexistro de entrada, devolvendo copia selada ó solicitante. O concello remitirá ditas solicitudes ó concesionario, que adxudicará as prazas por rigosa orde cronolóxica de presentación de solicitudes, notificándollo ó solicitante para a formalización en documento privado do correspondente contrato de cesión. Con carácter previo a dita formalización, a concesionaria poderá esixirlle ó usuario a exhibición do permiso de circulación do vehículo ou vehículos adscritos á praza que se cede.
- c) O prazo de presentación de solicitudes manterase aberto indefinidamente ata a adxudicación da totalidade das prazas ofertadas.
- d) Unha vez adxudicadas as prazas ofertadas, publicarase un novo anuncio declarando concluso o procedemento.
- e) Mentres non se adxudicaran nesta modalidade de cesión, as prazas destinadas a esta modalidade do servizo polo concesionario poderán ser explotadas en réxime de rotación horaria ou outras modalidades de cesión temporal respectando os límites fixados de prazas destinadas a rotación horaria.
- f) Se durante a vixencia da cesión se produciše a extinción dos dereitos de uso na modalidade de cesión total por todo o período da cesión por calqueira das causas previstas no presente regulamento, a concesionaria, logo da comunicación ó Concello, poderá optar por adxudicar novamente as prazas baixo dita modalidade ou outra de cesión temporal ou rotación horaria ata a extinción da cesión. O exercicio desta última opción non impedirá que, posteriormente, e trala comunicación ó concello, a concesionaria poida volver explotar en réxime de cesión permanente as prazas ás que se lles alterara o réxime de explotación.

Artigo 11º. Cesión a terceiros

1. Os usuarios de prazas de aparcamento en réxime de cesión por todo o período da cesión poderán ceder a terceiros o seu dereito de uso.

O dereito será igualmente transmisible por causa de morte como nos supostos de sucesión de empresas.

2. Nos supostos de cesión onerosa intervivos, establécese un dereito de tanteo e retracto en favor da concesionaria.

Nestes casos e con carácter previo á realización da cesión, comunicárase á concesionaria por parte do usuario que pretenda a cesión a súa intención de realizar dita transmisión, especificando o prezo. A concesionaria acusará recibo de dita comunicación e disporá dun prazo de quince días hábiles para exercitar o seu dereito de tanteo, manifestándollo por escrito ó usuario.

A omisión do deber de comunicación previa impedirá que a cesión poida despreñar efectos fronte a concesionaria e o concello, e posibilitará o exercicio do dereito de retracto.

3. Nos supostos de cesión por mor de morte da persoa física usuaria, ou por sucesión de persoas xurídicas, estarase o disposto no artigo 13.

4. Toda cesión comunicárase por escrito á concesionaria, para a súa eficacia ante o concello.

Artigo 12º. O dereito de uso temporal por todo o período da cesión extingúirase polas seguintes causas:

- a) pola extinción da cesión administrativa do servizo, ó transcorrido prazo máximo da súa duración.
- b) por mútuo acordo entre a concesionaria e o usuario.
- c) polo non pagamento das cotas que lle correspondan en concepto de contribución a gastos comúns de mantemento, conservación, uso e reparación nos supostos á que se refire o artigo 15, cando dito impagamento abranga un período mínimo de tres meses.

A extinción do contrato, neste caso, deberá de ser declarada pola Xunta de Goberno Local do concello, a solicitude da concesionaria, logo do expediente contradictorio con audiencia do interesado.

Artigo 13º. Sucesión de usuarios.

1. Nos casos de falecemento do titular, os seus herdeiros ou causahabentes comunicarán a identidade do novo titular da praza. Mentres non se realice dita comunicación, os membros da comunidade de herdeiros responderán solidariamente das súas obrigas como usuarios da praza, se transcorridos seis meses desde o falecemento do titular non se comunicara a identidade do novo usuario, a concesionaria poderá solicitar que a Xunta de Goberno Local declare vacante a praza, logo do expediente contradictorio con audiencia ós interesados.

2. Nos supostos de fusión ou absorción de persoas xurídicas, o contrato de cesión por todo o período da cesión continuará coa entidade absorbente ou resultante da fusión, que quedará subrogada en tódolos dereitos e obrigas dimanantes del.

3. Nos supostos de escisión ou aportación de empresa, a entidade beneficiaria do dereito de uso deberá de comunicalo o concesionario. Ata tanto se realice dita comunicación, as entidades resultantes responderán solidariamente das súas obrigas como usuarias do servizo. Se transcorridos tres meses desde a escisión ou aportación non se comunicara a identidade do novo titular, poderase proceder do xeito previsto no apartado 1.

Artigo 14º. Efectos da extinción do dereito.

1. Extinguido o dereito de uso por todo o período da concesión dunha praza de aparcamento, dita praza quedará vacante e poderase adxudicar novamente polo concesionario, cos mesmos requisitos establecidos para a primeira adxudicación, ou ben destinarse a súa explotación en réxime de rotación horaria ou calquer outra modalidade de cesión temporal, sempre respectando os límites de prazas destinados a rotación horaria.

2. A extinción dos dereitos de uso na modalidade contemplada nesta sección, con anterioridade ó cumprimento do prazo polo que inicialmente se adxudicou, non dará dereito a ningunha devolución, salvo nos casos de extinción por mutuo acordo, en que se estará ó libremente pactado polas partes.

Artigo 15. Obrigas dos usuarios por todo o período de cesión.

1. Os usuarios en réxime de cesión temporal por todo o período da concesión contribuirán os gastos comúns xurdidos da conservación, uso, reparación e mantemento do aparcamento, e en especial os que a seguir especifican:

- a) os de seguridade e vixilancia, subministración de auga, lus e análogos, servizos de rede de sumidoiros, limpeza, conservación, mantemento e reparación de instalacións.
- b) os correspondentes ós tributos que teñan por obxecto o aparcamento, sen prexuízo de que o seu pagamento sexa esixido na súa integridade á concesionaria pola administración tributaria competente. Queda excluído o canon da concesión, que será de conta exclusiva do concesionario, que non poderá repercutir el nos usuarios.
- c) calquera outro gasto común que puidese xurdir, sempre que derive da conservación, mantemento, uso ou reparación do aparcamento.

A estos efectos os usuarios satisfaran exclusivamente unha cota mensual por praza en cesión temporal por todo o período da concesión, que se aprobará xunto as tarifas.

2. Os usuarios indicarán na súa solicitude a matrícula e datos de identificación do vehículo do que ó seu estacionamento se vaia destinar a praza. Poderán dedicar varios vehículos a mesma praza indicando. Nestes casos expédirse unha única tarxeta

de uso para tódolos vehículos adscritos á praza, declinando a concesionaria toda responsabilidade ó respecto, resolvendo o usuario calquera conflito que puidese derivar do uso compartido da praza de aparcamento.

Nos supostos de cambio de vehículo á praza, deberán de comunicalo a nova á concesionaria, para os efectos de expedir unha nova tarxeta de uso cos datos do novo vehículo, anulándose a anterior.

Non se admitirá ó servizo a vehículos distintos os adscritos á praza.

3. Os usuarios en réxime deste tipo de cesión temporal non poderán efectuar ninguha modificación na praza asignada, nin realizar nela ningún tipo de obra que altere a súa configuración, distribución ou implique o seu pechamento ou tapiado, nin tampouco delimitar a súa respectiva praza con ningún elemento, fixo ou mobil. A única delimitación entre as prazas será a que representen as raias pintadas no chan. Tampouco se admitirán as construcións provisionais, nin o almacenamento ou depósito de obxectos de calquera índole.

O disposto neste apartado non será de aplicación as prazas que se reserve o concello.

4. Os usuarios haberán de consentir na súa praza as reparacións, usos e servidumes que esixa o mantemento, reparación e conservación do inmovible.

5. Os usuarios en réxime deste tipo de cesión terán ademáis as obrigas establecidas con carácter xeral para todo tipo de usuarios polo presente regulamento.

SECCIÓN 3ª

Normas comúns a tódalas modalidades de cesión temporal

Artigo 16. Dereitos dos usuarios de réxime temporal

Os cesionarios de ditas prazas non adquirirán ningún dereito respecto do aparcamento ou a concesión, á marxe do dereito de uso temporal, segundo a modalidade da cesión, da praza que ocupen e dos viais destinados á circulación interior, accesos peatonais e de vehículos, e servizos, mentres teñan o seu vehículo estacionado no aparcamento, todo iso con suxeición as normas comúns de uso recollidas neste regulamento.

Os cesionarios terán libre acceso ás prazas que se lles asignaran durante a vixencia da súa relación coa concesionaria, a calquera hora e en calquera día. Para tal efecto, a concesionaria facilitaralles unha tarxeta de uso para acceder ó aparcamento, denominado tarxeta de estacionamento.

Artigo 17. Obrigas específicas de tódolos usuarios en réxime de cesión temporal.

Ademáis das obrigas comúns a todo usuario que se recollen no capítulo III deste título, os usuarios

en réxime de cesión temporal estarán suxeitos as obrigas sinaladas no artigo 15, apartados 2,3 e 4.

CAPÍTULO II

Da cesión en réxime de rotación horaria

Artigo 18º. Réxime básico.

1. Na cesión en réxime de rotación horaria, os usuarios adquiren o dereito a utilizar as prazas de aparcamento por minutos ou fraccións de tempo, aplicándose as tarifas horarias propostas polo Adxudicatario e aprobadas polo Concello de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o acordo regulador das tarifas, sempre e cando non sexa de aplicación algunha modalidade de cesión temporal.

2. Os vehículos neste réxime de uso admitiranse por orde de chegada e dentro do horario de apertura do aparcamento fixado no título III, sen que se poida rexeitar ningún vehículo mentres queden prazas libres distintas das reservadas á cesión permanente.

O tempo de acceder os garaxes, o cesionario retirará a correspondente tarxeta de acceso ou tiquet de control.

CAPÍTULO III

Normas comúns de uso

Artigo 19º. Obrigatoriedade.

As normas comúns de uso que contén este capítulo serán de obrigación cumprimento para tódolos usuarios do aparcamento, calquera que sexa a modalidade de prestación.

Artigo 20º. Obrigas comúns.

Son obrigas comúns a tódolos usuarios as seguintes:

- a) Dedicar a estacionamento un único vehículo automóbil, prohibíndose destinalo a calquera outro fin ou actividade. A presenza ou permanencia de persoas nos vehículos será só con ocasión de acceder ou abandonar o vehículo. Non obstante, esta obrigación debe matizarse para os usuarios en réxime de cesión temporal, no senso de que ademais de poder destinalo a vehículos automóbiles poida destinarse a lanchas, motocicletas, motos e bicicletas, sempre que non sexa incompatible co fin do aparcamento ou funcionamento do mesmo.
- b) Usar o estacionamento na praza correspondente de xeito que non prexudique os dereitos dos demais usuarios.
- c) Estacionar os vehículos dentro do perímetro estricto de cada praza, sen presentar salientes nin invadir a superficie das demais, nin as zonas comúns de circulación e manobra.

- d) Non ocupar a praza, aínda que sexa temporalmente, con construcións provisionais ou con obxectos mobles de calquera natureza, nin almacenar nelas materiais combustibles, inflamables ou explosivos.
- e) Manter permanentemente despexadas as zonas comúns e de circulación ou manobra, sen estacionar ou deterse nelas, nin depositar ningún obxecto. En especial, non se poderá estacionar nen deter, nen sequera temporalmente, o vehículo obstaculizando as saídas, sexan estas de vehículos ou de persoas, en particular as de emerxencia.
- f) A boar as tarifas no tempo e prazo fixado polas normas que a regulen.
- g) Non acceder ó interior do aparcamento con vehículos que utilicen combustibles non autorizados ou transporten mercancías perigosas. Neste suposto, o concesionario queda facultado para proceder a súa inmediata retirada e depósito no exterior do aparcamento, notificándollo cando sexa posible ó seu propietario. Tampouco poderase acceder con vehículos con altura superior á que sinale nos accesos ó aparcamento.
- h) A proceder a previa retirada del tique de control horario situado no acceso antes de proceder a entrada no aparcamento. Non obstante o concesionario poderá establecer un sistema alternativo que permita exercer o dereito de uso de tódolos cesionarios a excepción dos de rotación horaria, en cuio caso se fixará dito sistema no aparcamento dándolle publicidade, e comunicándoo previamente o Concello, sempre que garanta un seguimento do tempo de utilización das prazas de aparcamento.
- i) Cumprir coa normativa que poida ser de aplicación e con cantas instrucións curse o concello, a concesionaria ou o persoal ó seu servizo en materia de seguridade, vixiancia e salubridade, especialmente en situacións de risco.
- j) Deixar perfectamente pechado e asegurado o vehículo automóbil que estacione no aparcamento.
- k) Cumprir coas normas de circulación interior, respectando o contido dos sinais existentes, as marcas sobre os viais e as indicacións do persoal municipal ou da concesionaria, sen interromper nin obstaculizar a manobra dos demais usuarios.
- l) Exhibir a súa correspondente tarxeta de estacionamento ou cando así se lle requira por parte do persoal do aparcamento.
- m) Por en coñemento do persoal ó servizo do aparcamento a causación, polo usuario ou

persoas polas que deba responder ou por terceiros, de danos a outros vehículos ou os bens e instalacións que integran o aparcamento, facilitando no primeiro suposto os seus datos persoais e os do seu seguro, e no caso de danos causados por terceiros a descrición dos feitos e, no seu caso, os datos de identificación do causante.

Igual deber de comunicación pesa sobre os usuarios en caso de roubo, furto, incendio e calquera outro feito análogo que presenciasen no interior do aparcamento.

TÍTULO III

HORARIO DO APARCAMENTO

Artigo 21º. Horarios.

1. O aparcamento público terá que estar aberto ós posibles usuarios durante as vinte e catro horas do día tódolos días do ano, incluídos sábados, domingos e festivos, sen prexuízo das particularidades que se establecen nos puntos seguintes deste artigo.

2. No acceso peatonal ó aparcamento o horario do acceso será o seguinte:

- * Sábados e festivos. desde as 8.00 horas as 24.00 horas.
- * Aborais: desde as 7.00 horas ás 22.00 horas, salvo os venres e vésperas de festivos, en que se prorrogará o horario ata as 24.00 horas.

Fóra de ditos horarios, os accesos peatonais permanecerán pechados, e o acceso ó aparcamento realízase a través dos puntos que se fixen para o acceso nocturno, que estarán correctamente sinalizados.

2. O horario de acceso de vehículos estará aberto ós posibles usuarios, sen prexuízo de que durante as horas nocturnas de 24.00 horas á 7.00 o acceso de vehículos poida estar pechado por motivos de seguridade. Nestes casos, os usuarios en réxime de cesión temporal accederán mediante a súa tarxeta de uso que se lles facilitará. Para os usuarios en réxime de rotación horaria habilitarase un timbre e un interfono mediante o cal poderán comunicar ó persoal do aparcamento a súa intención de utilizalo, co obxecto de que dito persoal lles franquee o acceso.

TÍTULO IV

RÉXIME DISCIPLINARIO: INCUMPRIMENTOS E SANCIÓN S Ó S USUARIOS

Artigo 22.

Considéranse infracción dos usuarios toda actividade contraria ó disposto neste regulamento, ou na normativa sectorial que resulte aplicable. A Alcaldía poderá, con ocasión da iniciación do procedemento sancionador, establecer motivadamente as medidas provisionais ou cautelares necesarias para

preservar-la seguridade, defensa dos usuarios, ou calquera outra que estime conveniente segundo as circunstancias do caso concreto.

Estas medidas serán as idóneas para evitar ou paralizala produción ou continuación dos danos ou riscos, debendo axustarse á intensidade, proporcionalidade e necesidades dos obxectivos que se pretenda garantir en cada suposto.

Artigo 23.

Será responsable da infracción administrativa toda persoa natural ou xurídica que, por acción, omisión ou negligencia contraveña as disposicións destas normas e demais normativa reguladora que sexa aplicable. Os que incumpran o previsto nestas normas virán obrigados, ademais do pagamento da sanción económica que se lle poida impoñer, a reparalos danos ocasionados e ó resarcimento, no seu caso, dos danos e perdas que ocasionara ó Concello, ó concesionario ou a outras persoas.

Artigo 24.

As infraccións que poden cometer os usuarios clasifícanse en leves, graves ou moi graves.

Artículo 25. Considéranse infraccións de carácter leve:

- a) O acceso e/ou circulación de peóns ou vehículos por lugares non previstos para eles.
- b) O acceso de vehículos sen a previa retirada do ticket de control horario, cando sexa esixible conforme a este regulamento.
- c) Estacionar un vehículo de maneira que ocupe máis dun espazo de aparcamento ou fóra dos lugares sinalizados para o efecto, sen impedir a normal circulación interior.
- d) A negligencia ou descoido que non sexan graves ou moi graves.
- e) A alteración da orde que non cause danos ou perdas ás persoas ou ás cousas.
- f) Calquera outro incumprimento das presentes normas que non teña o carácter de grave ou moi grave.

Artículo 26. Considéranse infraccións de carácter grave:

- a) Non respetar, conducindo un vehículo, as sinalizacións de ordenación da circulación interior do aparcamento, incluíndo os límites de velocidade.
- b) Estacionar o vehículo fóra dos lugares habilitados para o efecto, dificultando a circulación interior.
- d) O exercizo de actividades de calquera natureza no interior do aparcamento, sempre e cando non poñan en perigo a seguridade das instalacións ou do resto de usuarios.

- e) O acceso ó interior do aparcamento cun vehículo que utilicen combustible non autorizado ou que transporte mercadorías perigosas.
- f) A comisión de máis de tres faltas leves dentro dun prazo dun ano.
- g) A alteración da orde que cause danos ou perdas ás persoas ou ás cousas.

Artigo 27. Considéranse infraccións de carácter moi grave:

- a) Producir voluntariamente danos ou deterioros nas instalacións.
- b) Calquera actuación que, fraudulentamente, impida ou dificulte o coñecemento do horario de utilización do aparcamento e a conseguinte aplicación das tarifas.
- c) O exercizo de calquera actividade no interior do aparcamento que poña en perigoso a seguridade das persoas ou dos bens.
- d) A realización de obras no aparcamento, aínda cando teñan un carácter provisional
- d) A comisión de máis de tres faltas graves dentro dun prazo dun ano.

Artículo 28.

As sancións económicas polas infraccións a este Regulamento, salvo previsión distinta en norma específica que resulte de aplicación, serán as que a continuación se determinan:

- a) Faltas leves: multa de ata o 50% da contía máxima autorizada na Lei de Réxime Local ou previsión legal sectorial aplicable.
- b) Faltas graves: multa desde o 51 ata o 75% da contía máxima autorizada pola lexislación de Réximen Local ou previsión legal sectorial aplicable.
- c) Faltas moi graves: multa desde o 76 ó 100% da contía máxima autorizada pola lexislación de Réxime Local ou previsión legal sectorial aplicable.

Artigo 29.

As sancións correspondentes a cada clase de infracción graduaranse, dentro dos límites establecidos, en función da súa afectación ó dominio público, natureza da infracción, gravidade do dano producido, intencionalidade, reincidencia e reiteración.

Artigo 30.

As infraccións e sancións ó disposto neste Regulamento prescribirán ou caducarán, salvo disposición específica que estableza outro prazo, de conformidade co establecido no Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

Artigo 31.

O exercizo da potestade sancionadora someterase ós principios establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro e Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

TÍTULO V

DOS DEREITOS E OBRIGAS DO CONCESIONARIO

Artigo 32º. Dereitos do concesionario.

Son dereitos do concesionario:

- a) O dereito ó mantemento do equilibrio financeiro da concesión, que implicará o dereito a ser compensado economicamente por razón das modificacións que a administración municipal poida ordenar ou introducir no servizo e que incrementasen os custos ou diminuísen a retribución.
- b) O dereito a ser indemnizado polos danos e perdas que lle ocasionase a asunción directa pola administración da xestión do servizo, se esta se producise por motivos de interese público, independentes de culpa do concesionario.
- c) O dereito a ser indemnizado polo rescate da concesión ou en caso de supresión do servizo.
- d) Calquera outro que estableza a lei e o prego de cláusulas administrativas particulares.

Artigo 33º. Obrigas do concesionario.

Son obrigas do concesionario:

- a) Prestalo servizo obxecto da concesión nos termos establecidos no prego de cláusulas e no presente regulamento.
- b) Aboar nos prazos establecidos o canon estipulado en favor do concello.
- c) Admitilo goce do servizo a toda persoa que cumpra os requisitos regulamentarios.
- d) Informar con carácter trimestral ó concello sobre a marcha do servizo (número de vehículos que entran e saen, duración das estancias, cesións realizadas e calquera outra circunstancia) e puntualmente cando así se lle solicite.
- e) Dispoñer dun libro de reclamacións a dispor dos usuarios, foliado e dilixenciado polo secretario do concello, e dar conta inmediata á administración municipal de cantas reclamacións se produzan.
- f) Así mesmo, disporá dun exemplar do presente regulamento.
- g) Responder perante terceiros dos danos que se poidan producir como consecuencia do funcionamento do servizo concedido, coas ex-

cepción que establece o artigo 97 da Lei de contratos das administracións públicas.

- h) Responder perante o concello dos gastos derivados da xestión do aparcamento respecto ós que a administración municipal ostente a condición de acreedora, tales como taxas por abastecemento de auga, recollida de lixo e en xeral calquera tributo municipal cobrado como consecuencia da explotación do servizo ou a titularidade da concesión demanial.
- i) Aquelas outras que se fixen no prego de cláusulas que rexan a concesión.

TÍTULO VI DAS TARIFAS

Artigo 34º. Natureza e fixación

1. As tarifas que percibirá o concesionario pola prestación do servizo en calquera das súas modalidades terán a condición de prezos privados.

2. As tarifas serán fixadas pola Xunta de Goberno Local, mediante un acordo no que regule tódolos aspectos relativos a estas.

TÍTULO VII DAS RECLAMACIONES DOS USUARIOS

Artigo 35º. Libros e follas de reclamacións.

O concesionario deberá dispor dos preceptivos libros ou follas de reclamacións relativas ó servizo obxecto de concesión

Artigo 36º. Presentación de reclamacións

Os usuarios poderán presentar cantas reclamacións estimen pertinentes en relación ó funcionamento do servizo de aparcamento, utilizando para iso o libro de reclamacións ou directamente perante o concello, isto enténdese sen perxuízo das competencias doutras administracións nesta materia.

Artigo 37. Resolución das reclamacións

Corresponderá á Xunta de Goberno Local a resolución de ditas reclamacións, trala audiencia dos interesados. Ós acordos da Xunta de Goberno Local seralles de aplicación o réxime xeral de recursos propio dos actos administrativos locais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Modifícanse os artigos 24 e 25 do Regulamento do Servizo de aparcamento da unidade 10 publicado no BOP do 28 de outubro de 2003, quedando redactados ditos artigos da seguinte forma:

“Artigo 24º. Natureza e fixación

1º. As tarifas que percibirá o concesionario pola prestación do servizo en calquera das súas modalidades terán a condición de prezos privados, confor-

me o establecido na lexislación reguladora das faendas locais.

2º. As tarifas serán ofertadas polos adxudicatarios e aprobadas polo Pleno cando adxudique o Contrato, tendo o carácter de iniciais. A modificación e a revisión esixirá a previa aprobación municipal. Malia iso, o concesionario poderá proceder á súa revisión automática anual conforme ó IPC logo da comprobación do Concello. A aprobación das tarifas anualmente corresponderalle a Xunta de Goberno Local, que se producirá no mes de Xaneiro. Nela terán o carácter de inicial, sendo obxecto de revisión de acordo co índice de prezos ó consumo nacional, tendo que aprobalo a Xunta de Goberno Local esa revisión no mes de xaneiro. A Xunta de Goberno Local deberá de autorizar a súbida como mínimo conforme ó IPC.

Artigo 25º. Tarifas especiais

A Xunta de Goberno local poderá fixar tarifas especiais por razóns de índole benéficosocial, a favor daqueles suxeitos nos que concorren circunstancias que así o xustificuen.

Cando o establecemento de tarifas especiais implique unha alteración do equilibrio económico e financeiro que rexe a concesión, acordarase a oportunidade subvención compensatoria a favor do concesionario.”

DISPOSICIÓN FINAL.

Este regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo concello e publicado integramente no B.O.P., sempre e cando transcorrese o prazo sinalado polo art. 65.2 por remisión do 70.2 da Lei 7/1985.

Cangas a 24 de agosto de 2006.—O Alcalde,
José Enrique Sotelo Villar. **2006008163**

* * *

BAIONA

El Pleno de este Concello en sesión de 06/07/06 aprobó inicialmente el expediente de modificación de las Ordenanzas Fiscales reguladoras de diversos tributos, consistente en una nueva redacción de los artículos que los regulan, así como en nuevas tarifas. Mediante anuncio en el B.O.P. nº 140 de 21/07/06, se expusieron al público por un plazo de 30 días hábiles, sin que durante el mismo se hayan presentado reclamaciones, por lo que se considerarán definitivamente aprobadas, de acuerdo con el artículo 17.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por R.D. Legislativo 2/2.004 de 5 de marzo. Asimismo a los efectos del artículo 17.4 de dicha Ley se publica el texto íntegro de las modificaciones acordadas, cuya entrada en vigor se producirá a partir